



**CONCELLO DE ARZÚA**

Rúa Santiago, 2  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Telf: 981 50 00 00

**A C T A Nº 2018/5**

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO**

**- MÉRCORES 31 DE OUTUBRO DE 2018-**

No día de hoxe, ás 20:10 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, a sesión extraordinaria do Pleno.

**PRESIDE:**  
José Luis García López

**ASISTEN:**  
(De Alternativa por Arzúa)  
María del Carme Torreiro González  
Alfonso Carril Guerra  
Aurora Varela Duro  
Miguel Angel Vallo Camba  
Andrés David Pérez Ferreira  
María del Pilar Castro Vallo

(De Partido Popular)  
Jesús García Rodríguez  
Alfonso Lodeiro Regueiro  
Evangelina María Orois Conde  
Vanessa Quintela Pedreira

(De PSdeG-PSOE)  
Begoña Balado Conde

(De CxG-CCTT)  
José Ignacio García Couso

**SECRETARIO:**  
Juan Félix Colmenares López-Soldado

INTERVENTORA:  
Olga Castro Fernández

Antes de proceder a tratar sobre os asuntos que integran o Orde do día desta sesión, o alcalde expresou que, cando se someteron a estudio da Comisión especial de Contas (na sesión do día 26 de outubro) os asuntos que ían a ser tratados nesta sesión plenaria, non poideron incluírse dous asuntos por estar pendentes dun trámite; en concreto: Un expediente de modificación de créditos, na modalidade de concesión de crédito extraordinario e outro expediente para a anulación parcial do suplemento de créditos que se aprobara por este Pleno co número 1/2018; e, como eses dous asuntos non se incluíron na Orde de día desta sesión, e considera que as actuacións a que se refiren eses asuntos deberían ser resoltas o mais pronto posible, propón agora a inclusión deses dous asuntos na Orde do día da presente sesión, facendo uso para iso da previsión contida no artigo 83 de Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que permite esa posibilidade, sempre que se declaren a urxencia, co voto favorable da maioría absoluta dos membros da Corporación Local.

Tras explicar o alcalde os motivos polos que debería considerarse xustificada a urxencia, de incluír eses dous asuntos na Orde do día desta sesión plenaria, someteuse o asunto a votación ordinaria.

Adoptándose -por doce votos a favor (7 de AxA, 4 do PP e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención do concelleiro de CxG-CCTT- o acordo de considerar xustificada a urxencia para incluír eses dous asuntos nesta sesión; cuxos asuntos pasarán a ser tratados cando se resolva sobre os puntos da Orde do día que foron obxecto de ditame da Comisión especial de Contas, Economía e Facenda naquela sesión que se celebrou o día 26 do pasado mes de outubro, e que si foron recollidos na Orde do día desta sesión plenaria. Polo que, en consecuencia, eses dous novos asuntos serán tratados co seguinte número de orde:

\* O expediente de modificación de créditos, na modalidade de crédito extraordinario 2/2018, como punto 7º) da Orde do día, e

\* A anulación parcial de suplemento de crédito 1/2018, como punto 8º) da Orde do día.

## **A) PARTE RESOLUTORIA**

***Punto 1º) LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 31 DE AGOSTO DE 2018.***

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación con respecto á dita acta.

E non formulándose observacións á mesma, considérase aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

**Punto 2º) MODIFICACIÓN DO ARTIGO 6º DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SUBMINISTRO DE AGUA, CONSERVACIÓN DE CONTADORES E ACOMETIDAS.**

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 26 de outubro de 2018; no seguinte sentido:

“Explica a Presidenta da Comisión que a modificación proposta na ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga, conservación de contadores e acometidas, responde a actualización das tarifas, de acordo co IPC interanual de setembro do 2017 a setembro 2018. A modificación proposta é a seguinte:

<b>TIPO SUMINISTRO</b>	<b>€/m<sup>3</sup></b>
<b>DOMESTICOS</b>	
<b>Por mantemento do servizo</b>	
Mínimo 10 m <sup>3</sup> /mes	0,4761
De 11 a 15 m <sup>3</sup> /mes	0,6664
Más de 15 m <sup>3</sup> /mes	0,9226
<b>INDUSTRIAIS</b>	
<b>Por mantemento do servizo</b>	
Mínimo 50 m <sup>3</sup> /mes	0,6190
Por m <sup>3</sup> que exceda do mínimo	0,9759
<b>OBRAS</b>	
Mínimo 100 m <sup>3</sup> /mes	
<b>Por mantemento do servizo</b>	0,6190
Por m <sup>3</sup> que exceda do mínimo	1,0954

Modificación do apartado II) do artigo 6º:

II.- ) Outras cotas:

Cota de alta no servizo: 76,48 €

*Cota única por dereitos de acometida á rede xeral de abastecemento: 136,04 €*  
*Cota mensual por verificación e conservación de contadores: 0,2342 €*  
*Cota mensual por conservación de acometidas: 0,2342 €*

Toma a palabra o Sr. García Couso (de CxG) para manifestar que esta de acordo coa modificación proposta.

Intervén a Sra. Balado Conde (do PSOE) no mesmo sentido.

Toma a palabra o Sr. Lodeiro Regueiro (do PP) para mostrarse a favor desta modificación.

Tras o exposto a presidenta someteu este asunto a votación ordinaria; adoptándose -por oito votos a favor (4 de AxA, 2 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG)- o acordo de informar favorablemente a modificación do artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministro de auga, conservación de contadores e acometidas”.

---

Deseguido emitíronse as seguintes opinións:

\* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para indicar que mantén o que dixera na sesión da Comisión especial de Contas, polo que o seu voto vai ser a favor.

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para indicar que vai votar a favor, como xa fixo na sesión da Comisión especial de Contas, Economía e Facenda.

\* Do Sr. García Rodríguez (do PP), para indicar que o grupo político do Partido Popular tamén vai a votar a favor.

Coñecido o informe emitido pola interventora, con data 18 de outubro de 2018, en sentido favorable á modificación que se propón.

Polo Sr. alcalde someteuse a votación ordinaria a modificación do artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministro de auga, conservación de contadores e acometidas.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 6º (nomeado Cota tributaria) da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración de auga, conservación de contadores e acometidas, co obxecto de actualizar as tarifas de acordo co Índice de Prezos de Consumo interanual de setembro de 2017 a setembro de 2018, que se sitúa nun 2,3%.

Polo que dito artigo queda redactado da seguinte forma:

I) Cota por subministración de auga: A cota tributaria, en concepto de taxa por subministración de auga potable, resulta de aplicar á base imponible o prezo por metro cúbico de consumo de auga, segundo segue:

**A. Usos domésticos:**

1. Por mantemento do servizo	€/m <sup>3</sup>
1.1.- Mínimo de 10 m <sup>3</sup> mes-----	0,4761
1.2.- Desde 11 m <sup>3</sup> a 15 m <sup>3</sup> mes-----	0,6664
1.3.- Máis de 15 m <sup>3</sup> /mes-----	0,9226

**B. Usos industriais**

1.- Por mantemento do servizo	€/m <sup>3</sup>
1.1.- Mínimo de 50 m <sup>3</sup> mes-----	0,6190
1.2.- Por m <sup>3</sup> que exceda do mínimo-----	0,9759

**C. Usos para obras.**

1.- Por mantemento de servizo	€/m <sup>3</sup>
1.1.- Mínimo de 100 m <sup>3</sup> mes-----	0,6190
1.2.- Por m <sup>3</sup> que exceda do mínimo-----	1,0954

**II) Outras cotas:**

A) Cota de alta no servizo-----	76,48 euros.
B) Cota única por dereitos de acometida á rede xeral de abastecemento-----	136,04 euros.
C) Cota mensual por verificación e conservación de contadores-----	0,2342 euros
D) Cota mensual por conservación de acometidas----	0,2342 euros.

**Segundo.-** Expoñer ao público o expediente íntegro que dou lugar á adopción deste acordo, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles; dentro dos cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas.

**Terceiro.-** Considerar elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional da modificación da referida Ordenanza, para o suposto de que non se presenten reclamacións durante o período de exposición pública.

**Cuarto.-** No anterior suposto (de aprobación tácita), publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, a referida ordenanza fiscal, así como este acordo de modificación da mesma.

**Punto 3º) MODIFICACIÓN DA BASE 53ª DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL**

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 26 de outubro de 2018; no seguinte sentido:

“Explica a presidenta da Comisión que a tramitación deste expediente responde ao feito de que fai uns meses creouse un equipo de fútbol feminino aquí en Arzúa, que está tendo moi boa acollida, e o concello quere concederlle unha axuda para que poidan financiar parte dos seus gastos. O importe da subvención é de 5.200 euros.

Toma a palabra o Sr. García Couso (de CxG) para manifestar que lle parece ben a proposta, pero que quere saber cal é a procedencia deses cartos.

Contesta a presidenta que eses cartos proveñen da partida habilitada para a concesión de festas parroquiais.

Toma a palabra a Sra. Balado Conde (do PSOE) para manifestar de paso que os veciños da comisión de festas de Rendal non recibiron a axuda do Concello polo tema da festa patronal, e que debe ser a única parroquia que non a recibiu.

Responde a presidenta que agora teñen que ser asociacións para podela recibir.

Intervén de novo a Sra. Balado Conde (do PSOE) para preguntar se habería algunha maneira de que puideran recibila.

Contesta a presidenta que desde que cambiou a regulación destas subvencións, teñen que ser concedidas a unha entidade legalmente constituída, que teñan seu propio NIF, e que senón non se poden outorgar legalmente.

Tras o exposto a Presidenta desta Comisión someteu este asunto a votación ordinaria, adoptándose -por oito votos a favor (4 de AxA, 2 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG)- o acordo de informar favorablemente a modificación da Base nº 53ª (subvenciones nominativas) das de execución do orzamento municipal do presente exercicio económico”.

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\*Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para indicar que mantén a mesma posición que a exposta na sesión da Comisión de Contas.

\*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestarse no mesmo sentido.

\*Do Sr. García Rodríguez (do PP) para dicir que o grupo político do Partido Popular está a favor de que se conceda esa subvención o equipo de fútbol feminino de Arzúa.

\*Do Sr. alcalde para expresar que este ano houbo un cambio na lexislación, que supón que as comisións de festas teñan que pedir as subvencións nun período determinado, que cre que é dun mes, o cal se anunciou a través da emisora municipal de radio, e houbo tamén reunións coas Comisións de festas, pero algúns non se enteraron e por iso non conseguiron a subvención, porque antes tiñan un prazo maior.

Tras o exposto o alcalde someteu este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose -por unanimidade dos trece membros que integran a Corporación Local (7 de AxA, 4 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT)- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Aprobar inicialmente a proposta de modificación da Base 53ª de execución do orzamento municipal, nos termos indicados.

**Segundo.**- Expoñer ao público o expediente por un prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao disposto no artigo 177 n.º 2 en relación co artigo 169 n.º 1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

**Terceiro.**- Para o suposto de que de que non se presenten reclamacións contra dito expediente, considerárase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no artigo 169 n.º 1 e 3 do citado Real Decreto Lexislativo.

**Cuarto.**- Remitir unha copia do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma, co obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 169 n.º 4 do mesmo Real Decreto Lexislativo.

#### ***Punto 4º ) CONCESIÓN DE BONIFICACIÓNS NA COTA DO IMPOSTO SOBRE INSTALACIÓNS, CONSTRUCIÓN E OBRAS.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 26 de outubro de 2018; no seguinte sentido:

“Explica a presidenta o contido das solicitudes presentadas:

- Unha por parte de DAVID VARELA PÉREZ, en representación de

GANADERÍA PÉREZ DE VILAR S.L, para as obras de construción de nave destinada a explotación de polos campeiros.

- Outra por SALVADOR GARCIA CEBRAL, en representación de GANADERÍA A PENA S.L, para a construción de dúas naves destinadas a cebadeiro de porcino, xunto con dúas balsas de almacenamento de xurro.

Toma a palabra o Sr. García Couso (de CxG) para manifestar que os solicitantes da concesión teñen dereito a ela e que está de acordo coa súa concesión.

Intervén a Sra. Balado Conde (do PSOE) no mesmo sentido.

Toma a palabra o Sr. Lodeiro Regueiro (do PP) para mostrarse tamén a favor da concesión das bonificacións.

Tras o exposto a Presidenta someteu este asunto a votación ordinaria, adoptándose -por oito votos a favor (4 de AxA, 2 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG)- o acordo de informar favorablemente a concesión de bonificacións na cota do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras”.

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para manifestar que mantén a mesma posición que tivo na sesión da Comisión especial de Contas, Economía e Facenda; polo que vai votar a favor.

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que tamén vai a votar a favor.

\* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para indicar o grupo político do Partido Popular tamén votará a favor da concesión das bonificacións solicitadas.

Coñecidos os informes emitidos pola interventora municipal, con data de 18 de outubro de 2018; nos dous casos para os que se solitou a bonificación; en cuxos informes se indica:

**A)** Que o artigo 103 nº 2 letra a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais dispón que *“ás ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras de ata o 95% a favor daquelas construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego, que xustifiquen tal declaración”*.

**B)** Que dita ordenanza, no seu **artigo 7, apartado I** (Bonificacións), subapartado **d)**, establece unha bonificación do 50% na cota do imposto



municipal sobre construcións, instalacións e obras, cando se trate de construcións, instalacións e obras promovidas por agricultores ou gandeiros, para o desenvolvemento da súa actividade agrícola ou gandeira.

E considerando, *de conformidade co disposto no artigo 7 da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras*:

1) Que a declaración de especial interese ou utilidade municipal deberá ser solicitada polo suxeito pasivo, e

2) Que, unha vez informada esa solicitude, corresponderá ao Pleno do Concello decidir –por maioría simple- se concorren as circunstancias para efectuar a declaración de especial interese ou utilidade municipal.

O Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes que integran a Corporación Local (7 de AxA, 4 do PP, 1 do PSdeG- PSOE e 1 de CxG)- os seguintes acordos:

**Primeiro**.- Declarar de especial interese e utilidade municipal as obras que deseguido se indican, por concurrir circunstancias sociais e de fomento de emprego, que xustifican tal declaración:

I) Nas obras de construción dunha nave destinada á explotación de polos campeiros, no lugar de Bosende da parroquia de Santa María; para a cal foi concedida licenza municipal á sociedade “Gandería Pérez de Villar, S.L.”, a través do seu representante don David Varela Pérez, pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 14 de setembro de 2018, sendo aprobada tamén a liquidación polo concepto do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras por importe de 10.807 euros.

Solicitando D. David Varela Pérez a concesión da bonificación do 50% na cota do imposto, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello o día 14 de agosto de 2018, (rexistrado de entrada ao número 2.742)

II) Nas obras de construción de dúas naves destinadas a cebadeiro de procino, así como dúas balsas de almacenamento de xurro, sobre a parcela número 1.005 do polígono 514, na parroquia de Villadavil; para o cal foi concedida licenza municipal a “Ganadería A Pena, S.L”, a través do seu representante don Salvador García Cebral, pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 14 de setembro de 2018, sendo aprobada tamén a liquidación polo concepto de imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras por importe de 15.374,34 euros.

Solicitando don Salvador García Cebral, a concesión da bonificación do 50% na cuota do imposto, mediante o escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello o día 8 de agosto de 2018.

**Segundo**.- En consecuencia con esta declaración, conceder os beneficios solicitados do 50 por 100 na cota do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras, que se aplicará sobre as liquidacións que foron practicadas e aprobadas, cando se adoptaron os acordos de concesión

das licenzas municipais, para poder realizar as obras indicadas nos apartados **I) e II)** do acordo anterior.

**Terceiro.-** Notificar estes acordos aos solicitantes da bonificación, practicándolles unha nova liquidación tributaria, co obxecto de recoller as bonificacións agora aprobadas.

**Punto 5º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS, NA MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS 5/2018.**

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 26 de outubro de 2018; no seguinte sentido:

*“Explica a presidenta da Comisión que este expediente tramítase coa finalidade de facer fronte aos gastos derivados da xestión da piscina municipal durante un par de meses, ata que se adxudicou un novo contrato.*

Toma a palabra o Sr. García Couso (de CxG) para preguntar de onde se obteñen eses cartos.

Contesta a presidenta que eses cartos proveñen de partidas de persoal que non foron utilizadas.

*Tras o exposto a presidenta someteu este asunto a votación ordinaria, adoptándose -por catro votos a favor (4 de AxA) e 4 abstencións (2 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG)- o acordo de informar favorablemente o expediente de modificación de créditos, na modalidade de transferencia de crédito 5/2018”.*

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar que se se trata dun servizo que se prestou débese pagar, pero tamén quere dicir que houbo unha mala xestión ao non estar contratado o servizo en tempo; por iso a súa posición vai ser de abstención.

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para pronunciarse no mesmo sentido que fixo na sesión da Comisión de Contas.

\* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para manifestar que a postura do grupo político do Partido Popular vai ser a de absterse tamén.

\* Do Sr. alcalde para expresar:

- Que a veces nas contratacións non é culpa do equipo de goberno senón das empresas que non presentan a documentación como a teñen que presentar, como sucedeu neste caso; o cal fai que se retrase o proceso.

- Que en poucos sitios se contrata a xestión da piscina municipal con tan poucos problemas como houbo aquí.

Tras o exposto o alcalde someteu este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose -por oito votos a favor (7 de AxA e 1 do PsdeG-PSOE), e coa abstención dos cinco concelleiros restantes (4 do PP e 1 de CxG)- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Aprobado inicialmente a proposta de modificación de créditos presentada, na modalidade de transferencia de créditos, por un importe de **16.174 euros**, coa finalidade de incrementar o crédito orzamentario na aplicación 341.47200 “Promoción do deporte.-Subvención a empresas para reducir o prezo dos servizos”, para poder facer fronte a maiores gastos en relación coa piscina municipal.

**Segundo.**- Continuar a tramitación do referido expediente, coa súa exposición ao público por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao disposto no artigo 177 n.º 2 en relación co artigo 169 n.º 1, do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**Terceiro.**- Que -no suposto de non presentarse reclamacións contra dito expediente- considerárase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no artigo 169 n.º 1 e 3 do citado Real Decreto Legislativo; publicándose no Boletín Oficial da Provincia o resumo de como quedan os Capítulos do Estado de Gastos e de Ingresos do orzamento municipal, por razón da transferencia de crédito agora aprobada, a efectos de que poida entrar en vigor.

**Cuarto.**- Que, de conformidade co número 4 do artigo 169 do mesmo Real Decreto Legislativo 2/2004, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

***Punto 6º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2018.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 26 de outubro de 2018; no seguinte sentido:

“Comenta a presidenta que:

- A liquidación do orzamento do exercicio 2017 arroxou un remanente de 389.656,24 €.

- No Pleno de xuño aprobouse o destino parcial do remanente de tesourería para gastos xerais

- Entre eses investimentos figuraba a actuación “Reparación de camiños na rede viaria municipal”, por importe de 43.518,11 euros. Considerando a necesidade de modificar o proxecto e que como consecuencia da memoria reformada prodúcese unha economía de 9.634,46 €, esta cantidade quedou liberada aos efectos de ser empregada en novos investimentos financeiramente sostibles

- Polo tanto, o importe de remanente de tesourería para gastos xerais dispoñible é de 180.234,91 €, que é o resultado de restar á cantidade de remanente de tesourería que arroxa a liquidación do ano 2017 (379.371,42 €) o importe dos investimentos financiados ata o momento, unha vez descontada esa diferenza de 9.634,46 €.

- Este importe dispoñible van dedicalo, entre outras investimentos, ás seguintes obras:

- Acondicionamento de lavadoiro en Fonxe (Santa María), por importe de 14.200 euros.

- Melloras no local social de Pantiñobre, por importe de 16.700 €

- Creación dunha área de xogos-parque infantil parroquia de Santa María, por importe de 28.352,70 €

- Instalación de climatización e redistribución en Casa Beatriz, por importe de 12.100 €

- Substitución de iluminación led en pavillón polideportivo “O Viso” e proxectores led en pistas exteriores de padel e multideporte, por importe de 15.972 €

Tras o exposto a presidenta someteu este asunto a votación ordinaria, adoptándose -por catro votos a favor (4 de AxA) e 4 abstencións (2 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG)- o acordo de informar favorablemente o expediente de modificación de créditos, na modalidade de suplemento de crédito 2/2018.

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar que lle gustaría saber se imos debatir agora sobre as memorias valoradas que conteñen as obras que se van a financiar con este expediente de suplemento de créditos ou ese debate queda para canto se trate do punto da Orde do día que se refire á aprobación de ditas memorias; porque, se o debate sobre esas obras vai ser agora, quere expoñer algo sobre esas memorias valoradas; mentres que se o debate se deixa para canto se trate da aprobación das memorias valoradas noutro punto da orde do día, o seu voto agora será o de abstención.

Manifesta ao respecto o Sr. alcalde que imos deixar o debate para canto se trate do punto que se refire á aprobación das memorias valoradas.

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para pronunciarse a favor

da tramitación de dito expediente.

\* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para manifestar que o grupo político do Partido Popular tamén está de acordo coa tramitación de dito expediente.

Tras o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose -por doce votos a favor (7 de AxA e 4 do PP e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención do concelleiro de CXG-CCTT- os seguintes acordos:

**Primeiro**.- Aprobar inicialmente a proposta de modificación de créditos na modalidade de suplemento de crédito, por un importe total de **87.324,70 euros**, coa finalidade de suplementar as seguintes partidas orzamentarias:

- 933.63203 “Xestión do patrimonio.- Outras infraestruturas”, cun importe de 43.000 euros.

- 171.60900 “Parques e xardíns.- Outras infraestruturas”, cun importe de 28.352,70 euros, e

- 165.63900 “Alumeado público.- Investimento de reposición asociada ao funcionamento operativo dos servizos”, cun importe de 15.972 euros.

E iso, co fin de poder contratar a execución das seguintes obras:

1.- “Acondicionamento de lavadoiro en Fonxe (Santa María)”, con 14.200 euros.

2.- “Melloras no local social de Pantiñobre”, con 16.700 euros.

3.- “Instalación de climatización e redistribución en Casa Beatriz”, con 12.100 euros.

4.- “Creación dun área de xogos-parque infantil na parroquia de Santa María”, con 28.352,70 euros.

5.- “Substitución de iluminación led no pavillón polideportivo de O Viso e proxectores led en pistas exteriores de padel e multideporte”, con 15.972 euros.

Empregando para financiar este expediente os **87.324,70 euros** indicados, con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, resultante da liquidación do orzamento municipal do pasado exercicio económico (que ascendeu en canto a dito concepto a 379.371,42 euros), de cuxa cantidade xa se dispuxo de 208.770,97 euros, cando se realizou outro expediente de modificación de créditos, polo que quedaría pendente de utilizar 180.234,91 euros, unha parte dos cales se emprega neste expediente.

**Segundo**.- Continuar a tramitación do referido expediente, coa súa exposición ao público por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao disposto no artigo 177 n.º 2 en relación co artigo 169 n.º 1, do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das

Facendas Locais.

**Terceiro.**- Que -no suposto de non presentarse reclamacións contra dito expediente- considerárase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no artigo 169 n.º 1 e 3 do citado Real Decreto Legislativo; publicándose no Boletín Oficial da Provincia o resumo de como quedan os Capítulos do Estado de Gastos e de Ingresos do orzamento municipal, por razón do suplemento de créditos agora aprobado, a efectos de que poida entrar en vigor.

**Cuarto.**- Que, de conformidade co número 4 do artigo 169 do mesmo Real Decreto Legislativo 2/2004, remítirase copia do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

***Punto 7º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS, NA MODALIDADE DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS 2/2018 (que foi incluído na Orde de día desta sesión, previa a súa declaración de urxencia realizada ao principio da sesión).***

Intervén o Sr. alcalde para informar que este expediente refírese a outras actuacións que se van a financiar con cargo ao remanente de tesourería, como son: a adquisición dunhas fincas, na parroquia de Figueroa e na parroquia de Tronceda, os arranxos na estación depuradora e a sinalización vertical na parroquia de A Mella.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\*Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar que con respecto á adquisición dunha finca na parroquia de Tronceda ten unha dúbida, porque se non lembra mal na anterior lexislatura había unha partida orzamentaria para facer esa adquisición, á que se renunciou; polo que lle gustaría saber ¿Que problemas houbo con iso, se se trata da mesma finca que aquela que estaba proposta para a súa adquisición e se se iniciou un expediente para a súa compra, porque cre que había unha partida para iso?

\* Da Sra. Balado Conde (do PsdeG-PSOE) para manifestar que o seu pronunciamento vai ser a favor.

\* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para preguntar de que fincas se trata e para que se van adquirir.

\* Do Sr. alcalde para expresar:

- Que no caso da finca de Tronceda si que é a mesma que a que estaba previsto comprar nas anteriores lexislaturas; e pensa que se se renunciou a

súa compra foi polo prezo de 60.000 euros, que pedía a persoa encargada de vender a casa con horta.

- Que estando el como alcalde houbo un intento de comprar a horta que estaba pegada á casa, xa que se atopa xunto á igrexa e os veciños tiñan interese en que se fixera a compra; a valoración que facía o técnico do Concello era de 11.000 euros e o interesado quería a metade do total pedido anteriormente, que eran 30.000 euros, e como pareceunos unha tomadura de pelo non chegamos a un acordo.

- Que agora cambiaron as persoas que estaban ao fronte de realizar a xestión, e baixaron bastante o prezo, chegando a 40.000 euros, e incluso o técnico realizou unha valoración superior, fixando o prezo en 41.811 euros.

-Que as fincas que se queren adquirir foron propostas polos propios veciños, xa que son fincas que están ao lado da igrexa; no caso de Tronceda a festa estana facendo alí ao lado, na pista, e no caso de Figueroa, a finca tamén está ao fronte da igrexa.

E, en ambos casos non sabe se se fará un local social, porque ningunha das dúas parroquias o ten; en principio o que se vai facer é comprar as fincas, despois verase; o interese, como case sempre, é porque están ao lado da igrexa, para usar como aparcamente e campo da festa.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose -por unanimidade dos trece membros que integran a Corporación Local (7 de AxA, 4 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 e CxG-CCTT)- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Aprobar inicialmente a proposta de modificación de créditos na modalidade de créditos extraordinarios, por un importe de **92.910,21 euros**, coa finalidade de crear as seguintes aplicacións orzamentarias:

\* A 933.60000 "Xestión do patrimonio.- Adquisición de terreos", cun importe de 47.736,98 euros.

\* A 1531.61900 "Acceso a núcleos de poboación.- Outras infraestruturas", cun importe de 10.052,53 euros.

\* A 160.63300 "Alcantarillado.- Outras infraestruturas", cun importe de 35.120,70 euros.

E iso, co fin de poder levar a cabo as actuacións seguintes:

1.- A adquisición dunha finca rústica na parroquia de Figueroa, por un importe de 5.925,15 euros.

2.- A adquisición de fincas rústicas con edificacións na parroquia de Tronceda, por importe de 41.811,83 euros.

3. A adquisición dun xerador de fluxo a instalar no reactor biolóxico da EDAR, por un importe de 8.583,85 euros.

4. A adquisición e instalación de sinalización vertical na parroquia de A Mella, por un importe de 10.052,52 euros.

5. A realización de melloras na EDAR de Arzúa, por un importe de

26.536,85 euros.

**Segundo.**- Continuar a tramitación do referido expediente, coa súa exposición ao público por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao disposto no artigo 177 n.º 2 en relación co artigo 169 n.º 1, do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**Terceiro.**- Que -no suposto de non presentarse reclamacións contra dito expediente- considerárase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no artigo 169 n.º 1 e 3 do citado Real Decreto Legislativo; publicándose no Boletín Oficial da Provincia o resumo de como quedan os Capítulos do Estado de Gastos e de Ingresos do orzamento municipal, por razón a concesión de créditos extraordinarios agora aprobados, a efectos de que poida entrar en vigor.

**Cuarto.**- Que, de conformidade co número 4 do artigo 169 do mesmo Real Decreto Legislativo 2/2004, remítirase copia do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

**Punto 8º) ANULACIÓN PARCIAL DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2018 (que foi incluído na Orde de día desta sesión, previa a súa declaración de urxencia realizada ao principio da sesión).**

Intervén o Sr. alcalde para informar que había un proxecto técnico para poder levar a cabo o bacheo e a reparación de camiños, que incluía as parroquias e a vila, e en canto se refire á vila o proxecto estaba mal porque figuraba cun riego e ten que ser aglomerado; como houbo esa equivocación se tivo que corrixir o proxecto e facelo para poder botar na vila o aglomerado.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para manifestar que se vai abster.

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que vai votar a favor.

\* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para manifestar que o grupo político do Partido Popular tamén vai votar a favor.

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu este asunto a votación ordinaria; Adoptándose -por doce votos a favor (7 de AxA, 4 do PP e 1 do PsdeG-



PSOE), coa abstención do concelleiro de CxG-CCTT- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Revisar o acordo adoptado na sesión plenaria celebrada o día 29 de xuño de 2018, ao resolver o punto 4º) da súa Orde do día, nomeado “Expediente de modificación de créditos na modalidade de suplemento de créditos 1/2018”, a través de cuxo expediente se adoptara o acordo de complementar a aplicación orzamentaria 1532.619.01 “Pavimentación de vías públicas.- Outras instalacións de reposición”, co obxecto de poder contratar a execución de varias obras, entre as que se incluían as comprendidas no proxecto técnico nomeado “Reparación de camiños na rede viaria municipal”, por un importe de 43.518,11 euros.

Consistindo a revisión de dito acordo na redución de 9.634,46 euros, dos previstos naquela aplicación orzamentaria, que estaban destinados a financiar as obras incluídas no referido proxecto técnico; e iso, polos motivos expostos polo alcalde.

Polo que, consecuentemente, se procede a aprobar inicialmente a anulación parcial, do suplemento de créditos 1/2018, no sentido apuntado.

E iso, co fin de poder redactar unha memoria valorada polo importe restante de 33.883,65 euros, e de empregar os 9.634,46 euros sobrantes noutras finalidades en beneficio dos veciños, que poidan ser financiadas co remanente de tesourería para gastos xerais do ano 2017.

**Segundo.**- Continuar a tramitación do expediente sobre anulación parcial do suplemento de crédito 1/2018, coa súa exposición ao público por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao disposto no artigo 177 n.º 2 en relación co artigo 169 n.º 1, do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**Terceiro.**- Que -no suposto de non presentarse reclamacións contra dito expediente- considerárase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no artigo 169 n.º 1 e 3 do citado Real Decreto Lexislativo; publicándose no Boletín Oficial da Provincia o resumo de como quedan os Capítulos do Estado de Gastos e de Ingresos do orzamento municipal, por razón da anulación parcial agora aprobado do suplemento de créditos 1/2018, a efectos de que poida entrar en vigor.

**Cuarto.**- Que, de conformidade co número 4 do artigo 169 do mesmo Real Decreto Lexislativo 2/2004, remitírase copia do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

**Punto 9º) DECLARACION DE CADUCIDADE E ARQUIVO DO PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE**

## **TRABALLO, CUXA APROBACIÓN INICIAL TIVO LUGAR NA SESIÓN DO DÍA 7 DE MAIO DE 2018.**

Dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 26 de outubro de 2016; no seguinte sentido:

“Pola presidenta desta Comisión informativa, Sra. Varela Duro (de AxA) douse lectura do seguinte texto:

*“Transcorridos mais de tres meses dende a adopción do acordo de aprobación inicial da modificación da RPT (07.05.2018) sen que se adoptara resolución da aprobación definitiva, procede declarar a caducidade de dito procedemento de modificación da RPT, ao abeiro do previsto nos artigos 21 e 25.2 da Lei 39/2015 de 1 outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

*A resolución que declare a caducidade ordenará o arquivo das actuacións, polo que non resulta posible contestar as alegacións formuladas no procedemento caducado e resolver sobre o fondo, xa que a resolución que se ditase sería nula”.*

Deseguido a presidenta abriu unha rolda de intervencións, realizándose as seguintes:

\* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para manifestar que, por razón das dúbidas que ten sobre este punto da orde do día, porque tampouco coñece porque se deixou caducar o procedemento, pronunciarse sobre este asunto na sesión do Pleno; xa que non entende por qué non se resolve un expediente aberto e a resolución das reclamacións que se presentaron no mesmo.

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que tamén se pronunciará na sesión do Pleno.

\* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para pronunciarse no mesmo sentido que o Sr. García Couso e que a Sra. Balado Conde.

Seguidamente o secretario solicitou facer uso da palabra para informar:

I) Que o alcalde incluíu este punto da orde do día, sen contar coa asistencia do secretario como esixe o artigo 82 do Regulamento do Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, e como o enunciado deste punto foi facilitado polo alcalde, a través da Primeira Tenente de Alcalde, ás 14.30 horas do día en que se fixo a convocatoria desta sesión, este secretario non tivo tempo para facer o informe xurídico que tiña a obriga de facer por tratarse dun tema relacionado coa RPT, posto que xa tiña elaborado o seu informe sen ter en conta ningunha alusión á caducidade, *(cuxo informe foi entregado ese mesmo día á Primeira Tenente de Alcalde e incluído no expediente).*

II) Que nunca falara o alcalde de formular a caducidade do procedemento de modificación da RPT anterior; e este secretario considera que o formular agora a

caducidade vai en prexuízo do alcalde, porque se está dando a entender: Ou que non cumpriu coa función que lle asigna a Lei de Réxime Local, de excutar e cumprir os acordos do Pleno, ou que a empresa que elaborou esa modificación da RPT non realizou debidamente os traballos que lle foron contratados.

Pero é que, no caso da empresa, se dan as circunstancias:

- De que xa cobrou por eses traballos, e podería estarse na situación de que o Concello tivera que recuperar os cartos pagados por iso, e

- De que non existe contrato algún con ella, para que realizase os traballos referidos na nova modificación da RPT agora presentada.

III) Que quere dar lectura a unha parte do informe que emitiu o día 23 de outubro de 2018, referido ás reclamacións presentadas, onde consta que *“Como por aplicación do artigo 21 nº 1 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, **“la Administración está obligada a dictar resolución expresa y a notificarla en todos los procedimientos, cualquiera que sea su forma de iniciación”**, cabe considerar que o acordo que agora se adopte -con carácter previo á aprobación no seu caso da modificación da RPT presentada- deberá notificarse a todos os traballadores que presentaron reclamacións, incluíndo no contido de dito acordo os motivos polos cales non foron estimadas aquelas reclamacións.*

***Debendo, en todo caso, ser motivado dito acordo, por aplicación do disposto no artigo 35 nº 1 da citada Lei 39/2015, o tratarse dun acto que limita dereitos subxectivos ou intereses lexítimos dos traballadores que resultaban beneficiados pola modificación da RPT aprobada inicialmente na sesión plenaria de 7 de maio de 2018, que agora se vai deixar sen efecto; e ao tratarse dun acto que se separa do criterio seguido ao que foi utilizado cando se aprobou inicialmente a anterior modificación puntual da RPT”***

E en relación con esta cuestión quere dicir que, para que o Concello poidera ter mais elementos de xuízo, antes de realizarse a convocatoria desta sesión, solicitou a emisión doutros informes aos servizos xurídicos de El Consultor de los Ayuntamientos e a Espublico; dándose a circunstancia de que ao día de hoxe só chegou un de Espublico, e que por parte do alcalde entregouseme (*antes de dar comezo a esta sesión*) un informe emitido ao respecto por o seu asesor xurídico, para incorporalo tamén no expediente.

IV) Finalmente quere dicir que, ao no informar o alcalde que se ía a formular o tema da caducidade, non puido realizar o informe xurídico necesario para que o Pleno poidera adoptar o correspondente acordo.

Tras todo o exposto a presidenta da Comisión Sr. Varela Duro manifesta que este asunto quedaba pendente para ser resolto no Pleno; para seguidamente someter a votación ordinaria o plantexar a caducidade do procedemento da modificación da RPT;

Adoptándose -por catro votos a favor (de AxA) e tres votos en contra (2 do PP e 1 de CxG-CCTT), coa abstención da concelleira do PSdeG-PSOE- o acordo de pronunciarse na sesión do Pleno sobre a caducidade do citado procedemento.”

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Do Sr. García Couso (do CxG-CCTT) para manifestar:

- Que, dada a importancia que ten este punto da Orde do día, vai tratar de facer un pouco de historia, parte de que o día 7 de maio do presente ano foi aprobada a modificación da RPT; e, segundo manifestacións do alcalde, ademais de dar cumprimento a unha sentenza, melloraba as condicións dos traballadores con subas de salarios así como a incorporación de postos de traballo á RPT. Tamén se presentaba esa modificación da RPT como unha elaboración transparente, coa participación dos traballadores con aportacións para os seus postos, así consta na acta, na que se di: *“Tamén houbo a situación dos traballadores que na anterior RPT quedaron fóra, e que estaban nunha situación parecida á dos profesores de música porque, aínda que non tiñan unha sentenza que recoñeza a súa situación, se recurrían ao xulgado probablemente gañarían; e por tanto incorporanse estes traballadores a RPT”*.

- Que ao mesmo tempo douse un prazo de dous meses para que, fóra deses traballadores citados, os traballadores que quiseran facer algún tipo de revisión con respecto ao seu posto de traballo, o solicitasen.

- Que no acordo polo que se aprobou inicialmente a modificación da RPT, na sesión do día 7 de maio, se fixaba *“a apertura dun trámite de información pública, por un prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que se poideran presentar alegacións, reclamacións e suxerencias contra a modificación da RPT aprobada por ese acordo”*.

- Que no punto 3º dos acordos adoptados naquela sesión, se concretaba que *“para o suposto de que se presentasen reclamacións, alegacións ou suxerencias, deberían ser resoltas polo Pleno do Concello; adoptando en consecuencia con esa resolución o acordo de aprobación definitiva da modificación da RPT”*.

- Que na sesión que celebrou o Pleno do Concello o día 31 de agosto do presente ano, preguntou pola situación en que se atopaba a modificación da RPT; contestando o alcalde *“que as alegacións que houbo, durante o período aberto para iso, ten que informalas a empresa que se contratou para facer a RPT, pero non o pudo facer aínda, porque durante o mes de agosto estiveron de vacacións, desde o día 4 de agosto; polo que a empresa retomara a partir da semana que ven”*.

- Pregunta ¿Resolveronse estas alegacións?

- Que, tanto na convocatoria da sesión da Comisión informativa como na desta sesión ordinaria do Pleno, aparece este punto “Declaración de caducidade da RPT”, baseándose esta proposta do alcalde nun informe que emitiu unha asesoría xurídica, que entre outras cousas di, en concreto na primeira parte *“se me informa desde el Ayuntamiento que la referida*

*modificación de la RPT es susceptible de producir efectos desfavorables”, e no punto 4 dese informe di “No se ha tenido acceso al contenido de la RPT aprobada inicialmente”.*

Polo que quere dicir que o asesor está informando unha tramitación que non coñece, concluíndo no seu informe que *“según la información facilitada por el Ayuntamiento, la modificación de la RPT aprobada inicialmente el 7 de mayo es susceptible de producir efectos desfavorables”*, polas razóns expostas nos antecedentes.

- Que entende que é o goberno municipal quen valora todos eses prexuízos que pode traer esa RPT.

- Que toda a argumentación do asesor está baseada no que se lle di desde o Concello, porque el non tivo acceso á RPT.

- Que, no informe, se compara esta modificación da RPT cun procedemento sancionador, no que no caso de perxuízo para o administrado si cabría a caducidade, e remata o seu informe coa seguinte conclusión *“por razones de seguridad jurídica y ante la eventualidad de que pudiera considerarse caducado el procedimiento (matiza entón o Sr. García Couso: non se afirma que estea caducado) a su juicio debería declararse la caducidad (matiza tamén o Sr. García Couso: non di debe declararse) del procedimiento de modificación de la RPT aprobada inicialmente el 7 de mayo de 2018, siempre que se entienda que la misma es susceptible de producir efectos desfavorables o de gravamen”*.

- Que considera que este informe tería que ter una validez moi limitada: polo que acaba de afirmar, porque refírese só a consideracións que lle manifestan ao asesor, porque o asesor descoñece o documento da modificación da RPT; e porque nas conclusións fai referencia a esas consideracións, e nada é afirmativo.

- Que por outra parte, nas consideracións do secretario, que constan na acta da sesión da comisión informativa que acaba de ler o secretario, se di:

- \* Que na Orde do día incluíuse o punto da caducidade sen contar coa súa asistencia, como esixe o artigo 82 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

- \* Que se está dando a entender que o alcalde non cumpriu coa función que lle asigna a Lei de Réxime Local de cumprir e executar os acordos do Pleno, e

- \* Que a empresa que elaborou a modificación da RPT non realizou debidamente os traballos que lle foron contratados, por non responder ás alegacións.

Polo que, considerando isto, tamén pregunta: *¿Dado que xa cobrou eses traballos, se lle vai reclamar a devolución, por o seu incumprimento?, e ¿Por que non existe un contrato coa empresa, para a realización da nova modificación da RPT?*

- Conclúe a súa intervención o Sr. García Couso expresando que todas as afirmacións que realizou levante a considerar que esta proposta de

declarar a caducidade da anterior modificación da RPT é unha decisión irregular, aínda que descoñece os intereses aos que se debe, polo que a súa posición vai ser a de votar en contra da caducidade, posto que considera que se debrían resolver as alegacións e dar por boa a modificación da RPT que xa quedou aprobada, cos trámites que quedaron paralizados.

\*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que na sesión celebrada o día 7 de maio de presente ano aprobouse inicialmente a modificación da RPT, e ela votou a favor nese momento, porque considerou que era necesario polo tema das sentenzas favorables aos profesores do Conservatorio, pero tamén porque estaba moi desfasada a anterior RPT.

- Que habendo un número elevadísimo de alegacións, pide ao alcalde que explique porque motivo se chegou a este punto de non resolver as alegacións e de dar por caducada a modificación da RPT que se aprobara inicialmente.

\* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para manifestar que esperará ás explicacións que dea o alcalde para poder pronunciarse.

\* Do Sr. alcalde para expresar:

- Que o tema da RPT empezouse sobre todo debido á sentenza que hai, con respecto aos profesores de música do Conservatorio, que lle impide contratar aos músicos como se viña facendo desde hai anos, porque a sentenza di que os hai que incorporar á RPT; e, como no Concello había traballadores que levaban sobre 20 ou 25 anos e que na anterior RPT quedaron fóra, e a lei obriga a amortizar eses postos de traballo ou a contratalos como os hai que contratar e crear eses postos de traballo dentro da RPT; en principio eran as dúas situacións nas que se focalizou o tema.

- Que tamén quere dicir que non lle importa recoñecer que, neste asunto da RPT, pecou de pardillo e inexperto; quixo dar un prazo aos traballadores para que dixeran o que tiñan que dicir sobre a súa situación, pero foi máis pardillo aínda, porque as solicitudes foron poucas e abriuno a xente que non solicitou nada, e se non solicitaba nada en principio é porque estaba contenta; esa é a mala intención que tivo el con respecto a RPT, ningunha, senón non sería tan trosmo, e levaría só aos músicos, que era ao que lle obrigaba a sentenza, e ás persoas que quedaron fóra da RPT, entre as cales había algunha que non quería entrar.

- Que con respecto á caducidade, o 7 de maio aprobouse inicialmente a modificación da RPT e o 31 de maio publicouse no Boletín Oficial da Provincia, el ordeou á persoa encargada de publicar as cousas no BOP que se publicase canto antes, e houbo unha persoa do Concello que lle di que a RPT aínda non se mandara a publicar.

- Que había trinta días para presentar alegacións, que se cumprían o 17 de xullo, e se lle pasaron as alegacións ao asesor para que as contestase. Do

23 de xullo ao 3 de agosto esta de vacacións o secretario, que cambiara as súas vacacións. Antes deste ano a técnica de administración xeral podía substituír tanto o secretario como a interventora, pero a partir deste ano a persoa substituída -aparte de ter a titulación- ten que estar fixa no cadro de persoal, e aquí non se dá o caso. E o día 7 de agosto tiña que celebrarse o Pleno, para que a RPT non caducara.

- Que el non sabía que isto caducaba en tres meses, e quere deixar claro que o que tiña prisa para que se publicara a RPT era el, hai testemuñas dentro dos propios traballadores.

- Que a inclusión do punto de declaración da caducidade na Orde do día, sen a asistencia do secretario, foi porque ese día tiña que ir a Santiago con súa nai ao médico, e contaba con volver a tempo para facer a convocatoria e non puido porque se retrasou a cita. A convocatoria da comisión non se podía alargar máis do día 23 de outubro, porque o secretario tiña pedido o día 24 e 25 como asuntos propios, e se se convocaba despois pasabamos dos cinco días do prazo que temos para poñer a sesión do Pleno.

- Que, respecto ao contrato coa empresa, hai un cambio en materia de contratación pública este ano, ese cambio supón unha maior carga de traballo, porque agora ata para comprar un tornillo fai falta un expediente. Se baixa a Secretaría e Intervención con cada cousa colápsase o servizo. A falta de contrato é unha irregularidade administrativa sen máis transcendencia, hai máis irregularidades anteriormente peores que esa.

- Que, en canto á resolución das alegacións, o asesor xurídico informouno que o expediente estaba caducado e por iso non se pode entrar a resolver as alegacións, porque as alegacións non son nin estimadas nin desestimadas; o procedemento está caducado, polo que non hai que resolver as alegacións.

- Que, con respecto ao informe do asesor xurídico, cre que hai unha equivocación, o informe non é sobre a RPT, senón sobre a caducidade da RPT, e para saber se caducou ou non caducou o que hai que facer é contar os prazos, que é o que acaba de facer; e por outra parte, en canto a se a modificación da RPT caducada creaba efectos desfavorables, no Pleno dixo que economicamente só un traballador saía perxudicado con respecto aos outros e cre que todos sabemos o porque, e non cre que faga falta que o diga.

- Que na anterior modificación da RPT ninguén saía perxudicado economicamente, pero haberá outro tipo de prexuízo.

- Que o asesor xurídico non ten que coñecer, nin en profundidade nin superficialmente, a RPT para facer un informe sobre a súa caducidade, porque os datos que lle interesan son: se os prazos se cumpriron e se hai traballadores desfavorecidos.

\*Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar:

- Que el no fala da RPT, senon da declaración de caducidade, en cuxo caso falta o informe do secretario.

-Que se non se aprobouse a caducidade nada impedía que se

continuase coa modificación da RPT aprobada inicialmente o 7 de maio.

\*Do Sr. García Rodríguez (do PP) para manifestar que lle gustaría saber cal é a opinión do secretario sobre este tema, xa que se trata dun tema xurídico.

Manifesta o alcalde que a opinión do secretario esta reflictida no informe que fixo e tamén na acta da comisión informativa, e tivesdes moito tempo para lela; e con respecto ao informe do secretario o asesor xurídico di que non é necesario, xa que non se trata nin de aprobación nin de modificación da RPT, senón que se trata da caducide dun procedemento, e o informe non é preceptivo.

Para dar resposta á pregunta do Sr. García Rodríguez, e por canto que durante a intervención do alcalde se aludira ao secretario, este funcionario solicitou o uso da palabra para informar que o procedemento de modificación da anterior RPT consideraba que non podía declararse caducado, entre outros motivos, porque o acordo de aprobación inicial daquela modificación da RPT adoptouse o día 7 de maio e, en consecuencia, o prazo máximo dos tres meses a que se refire o informe do asesor D. Victorino (*que é o mesmo que sinala o artigo 21 da Lei de Procedemento Administrativo*) se cumpriría o 7 de agosto; pero resultaba que como o período de reclamacións rematou o 12 de xullo (*xa que o anuncio se publicou o día 31 de maio*) aínda despois do día 7 de agosto podíanse resolver esas reclamacións, porque si se consideraba o acordo de aprobación inicial como un acto administrativo, había un prazo dun mes para resolvelas, ata o 12 de agosto, e se se consideraba que se trataba dunha disposición de carácter xeral, non había prazo marcado para resolvelas.

Neste punto o alcalde manifestou que ía facer uso do informe que emitira oa asesor xurídico, e que era a primeira vez que non tiña en conta o informe do secretario a diferenza do que viña sucedendo co anterior alcalde.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria, fixando previamente os termos desa votación, que mandou ler ao secretario;

Adoptándose -por sete votos a favor (de AxA) e un en contra (do concelleiro de CxG-CCTT), coa abstención dos cinco concelleiros restantes (4 do PP e 1 do PsdeG-PSOE)- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Declarar a caducidade do procedemento de modificación de RPT, cuxa aprobación inicial tivo lugar en data 7 de maio de 2018.

**Segundo.**- Ordear o arquivo das actuacións, sen haber lugar a pronunciarse sobre a estimación ou desestimación das alegacións formuladas no procedemento caducado.



**Terceiro.**- Publicar dito acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, para coñecemento xeral de todos os interesados.

**Punto 10º) APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO.**

Dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 26 de outubro de 2016; no seguinte sentido:

“ Pola presidenta desta Comisión informativa, Sra. Varela Duro (de AxA), douse lectura do seguinte texto:

*“Polo equipo de goberno, considérase oportuno iniciar un novo procedemento de modificación da RPT, pero neste caso con carácter puntual, co seguinte contido:*

*-Creación de postos de traballo afectados por sentenza xudicial (que serían os profesores do conservatorio): en total 8 postos.*

*-Creación de postos de traballo cuxas funcións veñen desempeñándose de xeito continuado dende hai moitos anos (serían 1 posto de auxiliar administrativo de servizos sociais, 1 posto de auxiliar administrativo de arquivo e OMIC, 1 posto de Axente de emprego e desenvolvemento local e 2 postos de traballador/a social): en total 5 postos.*

*-Creación de postos para cubrir pro procedemento de promoción interna, polo que non se trataría de novo persoal, senón que serían cubertos por persoal que xa traballa no concello (oficial de policía, administro de urbanismo e administrativo de secretaría): en total 3 postos.*

*- Creación de novos postos de traballo (1 informático, 2 operarios de servizos varios, 1 oficial 1ª, 1 técnico de comunicación e turismo): en total 5 postos.*

*- Modificación de postos xa existentes: técnico de administración xeral, técnico de xestión económica, auxiliar administrativo de intervención-tesourería, axente de policía, bibliotecario e director da radio).*

*- A explicación de todo esto ven contida na memoria da alcaldía que figura no expediente.”*

Deseguido a presidenta abriu unha rolda de intervencións, realizándose as seguintes:

\* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para manifestar que este tema está relacionado co anterior punto da orde do día e considera que se debería ter en conta a RPT aprobada na sesión do pasado mes de maio; e que, en consecuencia, non ten sentido aprobar outra modificación da RPT; polo que pensa que haberá intereses que o determinen así.

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que vaise abster agora na votación deste asunto.

\* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para pedir ao secretario que se pronuncie sobre a legalidade desta nova modificación da RPT.

Previa concesión da palabra, o secretario manifestou que o seu pronunciamento con respecto a esta nova modificación da RPT consta recollido no informe emitido o día 23 do presente mes de outubro, e que considera que a parte principal dunha modificación da RPT é a do tema económico, porque é necesario que se cumpra co que dispón a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, a través do seu artigo 18; e neste sentido, no apartado D) do punto V) do informe que emitíu, fai constar: “*Que, a través desta modificación da RPT: **por unha parte**, vanse crear varios postos de traballo (tanto de persoal laboral como de funcionario); e **por outra parte**, nas fichas individuais (que foron elaboradas por cada traballador) cotense a súa valoración, aos efectos de fixar a retribución asignada a tales postos de traballo.*”

***E procede realizar a observación** de que para iso terase en conta o disposto sobre incrementos de retribucións no artigo 18, punto Dous da Lei 6/2018 de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, sobre incrementos de retribucións; porque poidera darse a circunstancia de que o incremento global das retribucións de persoal fose superior a porcentaxe prevista en dito artigo, con respecto ás retribucións vixentes a 31 de decembro de 2017, en termos de homoxeneidade para os períodos de comparación.*

*E como esa circunstancia pode supoñer un impedimento para aprobar a modificación da RPT; ante a transcendencia desta cuestión, este secretario considera procedente pronunciarse sobre a viabilidade legal da modificación da RPT presentada desde o punto de vista económico, nos mesmos termos en que emitiron os seus informes os servizos xurídicos que ten contratados este Concello: El Consultor de los Ayuntamiento, Espúblico e Derecho Local, cuxos informes son coñecidos xa polos membros desta Corporación Local, posto que figuran entre a documentación elaborada para poder resolver o punto 5º) da Orde do día da sesión celebrada o día 7 de maio de 2017, nomeado “Aprobación inicial da Relación de Postos de Traballo”.*

Tras o exposto a presidente desta Comisión informativa, Sra. Varela Duro, someteu a votación ordinaria a aprobación inicial da modificación da RPT presentada, na vindeira sesión do Pleno.

Adoptándose -por catro votos a favor (de AxA) e tres en contra (2 do PP e 1 de CxG-CCTT)- o acordo de pronunciarse no sentido indicado.”

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar:

- Que, considerando que non procede declarar a caducidade do procedemento que se tramitou para aprobar a anterior modificación da RPT, se a súa consideración fora adiante, se mantería aquela modificación da RPT: polo tanto non tería sentido a aprobación dunha nova modificación da RPT.

- Que en primeiro lugar esta RPT segue cumprindo o establecido pola sentenza, con respecto á anterior reducense moito os postos afectados, manteñense algúns nos que si hai intereses particulares, en concreto para o designado co código 7003 mantense a suba proposta na anterior RPT, do 8,30%, este posto está ocupado por Ramón Torreiro, irmán da primeira tenente de alcalde; se crea o posto de técnico de comunicación e turismo, co código 1007, con funcións entre as que figura a promoción do turismo e a comunicación institucional; e, en relación á comunicación, cre que este posto é innecesario, xa que existe unha radio municipal que cumpre esa función, e, no relativo á promoción do turismo, a Xunta de Galicia ven financiando anualmente a contratación de persoal técnico, para atención aos peregrinos e á oficina de turismo municipal, durante un prazo de seis meses; porén, a pesar de contar con esa axuda, pensa que este ano non se fixo uso desta subvención, polo que quere que o alcalde aclare se hai algún técnico contratado con cargo á subvención da Xunta de Galicia, e se non é así que explique porque motivo.

Ademais da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial publicou no Boletín Oficial da Provincia, no mes de abril, a concesión de axudas para a contratación de técnicos da oficina municipal de turismo; pero pasou o tempo e o Concello contratou a ese persoal ao final do verano, xusto ao final da tempada alta do turismo; e pregunta ¿Por que este retraso?

- Que o Pleno do Concello aprobou no ano 2014 a adhesión ao convenio de colaboración marco compartido, de promoción do turismo, coa Xunta de Galicia e os Concellos da área de Santiago, coa finalidade de coordinar e promocionar a actividade turística, para o cal o Concello aporta anualmente mais de 2.000 euros.

- Que en xuño de 2017 adoptouse o acordo de formar parte da Asociación de municipal do Camiño de Santiago, con sede en Jaca, para a promoción turística do Camiño, aportando este Concello 3.000 euros anualmente.

-Que ademais, este concello forma parte da Asociación Galega de Concellos do Camiño.

Polo que, tendo en conta todo isto, o que non pode dicir o equipo de goberno é que se precisa unha técnica de coordinación e información turística, xa que como vimos estas funcións deberían de estar cubertas coa pertencencia deste Concello ás entidades que se acaban de indicar, e así o debe considerar tamén o equipo de goberno cando non utiliza os recursos ou subvencións concedidas por outras Administracións para este fin.

Pretenden que os veciños de Arzúa financien un posto de traballo, cuxa creación responde a motivos oscuros, que nada teñen que ver coa promoción do turismo, mais ben parece que se crea unha praza para satisfacer unha demanda persoal concreta; co tempo se verá.

\* Intervén o Sr. alcalde, dirixíndose ao Sr. García Couso, para que diga claramente que demanda persoal é esa.

\* Continúa o Sr. García Couso coa súa intervención, engadindo:

- Que se incorporan na modificación da RPT algúns postos; pero, a marxe do posto de director do Conservatorio que xa explicou o alcalde os motivos, quedan outros fóra que, por razón do establecido no Convenio Colectivo do persoal laboral, terían que estar incluídos, como son os casos do profesor de adultos, do psicólogo do CIM, do asesor xurídico do CIM ou dun encargado do CIM, os cales están contratados de forma continuada, polo que deberían entrar nesta RPT.

- Que tamén se crean tres postos de promoción interna, pero non se explica se con esa promoción interna se amortizan os postos de traballo que actualmente están ocupando cando se acceda á mesma; polo que pregunta ao alcalde ¿se amortizan ou non?

\*Da Sra. Balado Conde (do PsdeG-PSOE) para preguntar ao alcalde ¿cales serían as funcións que terían que realizar a persoa que sexa contratada como técnico de turismo?

\*Do Sr. alcalde para expresar:

- Que en moitos concellos, como o noso, teñen unha persoa para realizar esas funcións, como sucede no Concello de Boimorto, cando polo Concello de Arzúa discorren tres rutas do Camiño de Santiago.

- Que a persoa que desempeña ese posto de traballo tamen pode estar na Oficina de Turismo, cando acabe o contrato a persoa que sexa contratada temporalmente;

E tamén pode realizar outras funcións que agora mesmo non hai.

- Que neste momento a praza que se subvencionou pola Xunta de Galicia non está cuberta, porque se cubriu no seu momento durante un mes, pero a persoa que estaba contratada presentouse tamén no proceso de selección convocado para contratar á persoa que ía ser subvencionada pola Deputación Provincial, que era por máis meses, e aprobou; polo que quedamos sen persoal que aprobara para cubrir aquela praza, porque cando se chamou, á que quedara en segundo lugar, manifestou que conseguira outro posto de traballo; non foi porque nós non quixeramos cubri-la.

- Que, en canto ao retraso na contratación, quere dicir que outros concellos como por exemplo Melide tamén realizaron tarde a contratación, porque comunicáronnos a concesión desta e outras subvencións ao mesmo tempo, e estabamos cargados de procesos de selección de persoal, polo que non era fácil realizar antes a contratación, xa que nos tribunais de selección non poden estar políticos, teñen que estar funcionarios ou persoal laboral fixo, e en certas disciplinas -como é o caso de turismo- non hai xente que sexa funcionaria, polo que tivo que recurrir á Deputación Provincial, pero non mandaron a ninguén; noutras ocasións se ten nomeado a un profesor de idiomas, porque se considerou que facía falta ter coñecemento dos mesmos para atender ao público desde a Oficina de Turismo.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria, fixando previamente os termos desa votación que mandou ler ao secretario;

Adoptándose -por sete votos a favor (de AxA) e un en contra (do concelleiro de CxG-CCTT), coa abstención dos cinco concelleiros restantes (4 do PP e 1 do PsdeG-PSOE)- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Aprobar inicialmente a modificación puntual da vixente RPT aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, na sesión de 28 de febreiro de 2011, nos termos que figuran recollidos no expediente de modificación puntual.

**Segundo.**- Dispoñer a apertura dun trámite de información pública por un prazo de vinte días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, a efectos de que poidan presentarse reclamacións, alegación e suxerencias.

**Terceiro.**- Concretar que para o suposto de que se presenten reclamacións, alegacións ou suxerencias, deberán ser resoltas polo Pleno do Concello antes de adoptar o acordo de aprobación definitiva; mentres que, se non se presentan reclamacións, alegacións ou suxerencias, o acordo de aprobación inicial quedará elevado a definitivo.

#### **Punto 11º) DESIGNACIÓN DOS DOUS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2018.**

Dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 26 de outubro de 2016; no seguinte sentido:

*“Coñecido o contido do escrito remitido a este Concello polo Xefe de Sección do Servizo de Traballo e Economía Social, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, da Xunta de Galicia, referido ao Calendario laboral para o ano 2019, co obxecto de designar os dous días festivos de carácter retribuído e non recuperable.*

*Tras informar a presidenta desta Comisión informativa, Sra. Varela Duro, que o grupo de Alternativa por Arzúa propón o luns día 24 de xuño (San Juan) e o martes día 16 de xullo (O Carme), decidiu abrir unha rolda de intervencións; realizándose as seguintes:*

*\*Do Sr. García Rodríguez (do PP) para manifestar:*

*-Que o grupo político do Partido Popular consideraba que un deses dous días debería ser o día en que se celebra a romaría de A Mota, por tratarse da única festa non cristiãna que temos en Arzúa, onde se conmemora a ofrenda á nai Terra;*

*lembrando que en dito lugar se atopa o monumento mais antigo de mamoas que hai en Arzúa.*

*- Que se trata da única festa identificativa de todos os arzuanos; e considera que para el sería mais importante que o día de San Juan.*

*\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que outro día que se podía ter en conta é o luns de carnaval, que coincide despois da Festa do Queixo.*

*\* Da Sra. Varela Duro, para manifestar que, o día da Mota coincide o vindeiro ano cun sábado, e por ese motivo non pode ser designado.*

*\* Da Sra. Balado Conde, para manifestar que estaría de acordo coa designación do día de San Juan, porque se celebra en todos os sitios.*

*\* Da Sra. Varela Duro, para manifestar que en canto á designación do luns de carnaval, hai que ter en conta que os actos que se organizan para a celebración da festa do queixo rematan ás 9.00 da tarde do domingo.*

*Tras todo o exposto a presidenta desta Comisión informativa, someteu a votación ordinaria a decisión de valorar estes días na vindeira sesión do Pleno.*

*Adoptándose -por unanimidade dos oito membros asistente- o acordo de pronunciarse sobre este asunto na vindeira sesión do Pleno.”*

---

Deseguido abriuse unha rolda de intervencións, realizándose as seguintes:

*\* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar que a súa postura vai ser a favor da proposta maioritaria.*

*\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que, como pensaba que a Festa do Queixo se ía celebrar no primeiro fin de semana do mes de marzo e non no segundo fin de semana, xa non considera que un dos dous días (que deberían ser designados como festivos) fose o Luns de Entroido; e, no seu lugar propón o día de San Xoan, porque ese día o celebra todo o mundo nas parroquias.*

*\* Do Sr. Rodríguez García (do PP) para indicar que o grupo político do Partido Popular propón como días festivos, para o vindeiro ano 2019, o día de San Xoan e o día en que se celebra a festividade da Virxe do Carme.*

Tras o exposto, o Sr. alcalde considerou suficientemente debatido este asunto, e decidiu sometelo a votación ordinaria.

Adoptándose -por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- os acordos seguintes:

**Primeiro.**- Designar como días festivos no termo municipal de Arzúa,

de carácter retribuído e non recuperable, para o vindeiro ano 2019, os seguintes días: o martes día 16 de xullo, por coincidir co día en que se celebra a festividade na honra á Virxe do Carme, e o luns día 24 de xuño, por celebrarse en moitos lugares do termo municipal o San Xoan.

**Segundo.-** Dar traslado dunha certificación deste acordo ao Xefe de Sección do SAMAC, Servizo de Traballo e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria, para que se proceda á inclusión dos dous días indicados como festivos de carácter local no Calendario Laboral do ano 2019.

Punto 12º) **APROBACIÓN DAS SEGUINTE MEMORIAS VALORADAS:**

**“INSTALACIÓN DE CLIMATIZACIÓN E REDISTRIBUCIÓN EN CASA BEATRIZ, RÚA SAN VICENTE”.**

**“MELLORAS NO LOCAL SOCIAL DE PANTIÑOBBRE”.**

**“ACONDICIONAMENTO DE LAVADOIRO EN FONXE (SANTA MARIA)”**

**“CREACIÓN DUN AREA DE XOGOS-PARQUE INFANTIL (PARROQUIA DE SANTA MARÍA).**

**“SINALIZACIÓN VERTICAL NA PARROQUIA DE A MELLA (SAN PEDRO)”**

**“REPARACIÓN DE CAMIÑOS DA REDE VIARIA MUNICIPAL”**

Dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 26 de outubro de 2016; no seguinte sentido:

“Con respecto a este punto a presidenta desta Comisión Sra. Varela Duro, indicou que estas son as propostas de actuación que propón o equipo de goberno, haberá mais que sexan necesarias, pero estas tamén o son.

Manifestan tanto, o concelleiro de CxG, a concelleira do PSdeG-PSOE e os dous Concelleiros do PP, que esperaran a dispoñer da documentación e no Pleno pronunciáranse.

Tras o exposto a presidenta desta Comisión someteu este asunto a votación ordinaria; adoptándose -por catro votos a favor (de AxA) e catro abstencións (2 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG)- o acordo de informar favorablemente a aprobación das memorias valoradas indicadas.”

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para preguntar e manifestar:

- Con respecto á primeira obra “Instalación de climatización e redistribución na Casa Beatriz, na rúa San Vidente, ¿Se se prevé un uso para esa edificación e por eso se prevén estas obras?

- Que, en canto ao “Acondicionamento do lavadorio de Fonxe, en Santa María”, aínda que á primeira tenente de alcalde, Sra. Torreiro González, lle pareza mal, é a súa aldea; e supón que será necesaria.

- Que, en canto á “Creación dun área de xogos- parque infantil, na parroquia de Santa María”, quere lembrar que como aquí sempre se di que as obras se fan por criterios de necesidade e demanda, gustaríalle que se aclarase se esa obra se debe a que se trata dunha demanda dos veciños, ou a que hai un maior número de nenos nesa parroquia, ou a que están mais distantes das instalacións infantís da vila, ou a que é a parroquia do concelleiro de obras e da primeira tenente de alcalde.

- Que, con respecto ás demais obras incluídas nas memorias valoradas presentadas, non ten nada que dicir.

\* Do Sr. alcalde para expresar:

- Que estas obras, que van ser realizadas con cargo ao remanente de tesourería, non son electoralistas, son necesarias.

- Que as obras da Casa Beatriz debense a que no arquivo existente na Casa do Concello no hai mais espazo e, para poder ampliálo, pretendese levar alí aos Servizos Sociais, co obxecto tamén de que a oficina do Centro de Información á Muller e a Oficina de Información ao Consumidor pasen a quedar ubicadas onde agora se encontran os servizos sociais; desta forma o espazo deixado pola oficina do CIM e o espazo deixado pola oficina da OMIC serían utilizados para a ampliación do arquivo municipal.

- Que haberá que facer unha pequena redistribución para ubicar unha das oficinas das traballadoras sociais.

- Que, en canto ás melloras no local social de Pantiñobre, se debe a unha petición dos veciños para facer unha parrilla.

- Que, en canto ao acondicionamento do lavadoiro de Fonxe, tamén se debe a unha petición dos veciños, e consistirá en poñerlle unha cuberta, porque crea unha serie de algas que fai que a agua non sexa boa.

- Que, en canto a área de xogos na parroquia de Santa María, xa o propuxeron varias nais non hai un ano, cando fomos polas parroquias para ver as necesidades, porque había moitos nenos; de feito Santa María é a parroquia mais poboada e na que mais nenos hai, e entón non é nada raro que se faga alí un parque infantil.

- Que, en canto á sinalización na parroquia da Mella, destinouse o orzamento que encaixaba para iso, o que se pretende é continuar coa sinalización de todas as parroquias.

- Que, en canto á reparación de camiños, se trata de realizar as obras de bacheo que se veñen realizando polas diferentes parroquias



Non se realizaron mais intervencións, polo Sr. alcalde someteuse este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose -por unanimidade dos trece membros que integran a Corporación Local- o acordo de aprobar as seguintes memorias valoradas:

1.- “Instalación de climatización e redistribución en Casa Beatriz, rúa San Vicente”, por un orzamento total de 12.100 euros (10.000 euros, mais 2.100 euros en concepto de IVE ao 21%), elaborada polo arquitecto técnico municipal Sr. Fole Barrio, con data outubro de 2018.

2.- “Melloras no local social de Pantiñobre”, por un orzamento total de 16.700 euros (13.801,65 euros, mais 2.898,35 en concepto de IVE ao 21%), elaborada polo arquitecto técnico municipal Sr. Fole Barrio, con data outubro de 2018.

3.- “Acondicionamento de lavadorio en Fonxe (Santa María)”, por un orzamento total de 14.200 euros (11.735,54 euros, mais 2.464,46 euros en concepto de IVE ao 21%), elaborada polo arquitecto técnico municipal Sr. Fole Barrio, con data outubro de 2018.

4.- “Creación dun area de xogos-parque infantil (parroquia de Santa María)”, por un orzamento total de 48.352,70 euros (39.960 euros, mais 8.391,79 euros en concepto de IVE ao 21%), elaborada polo arquitecto técnico municipal Sr. Fole Barrio, con data outubro de 2018.

5.- “Reparación de camiños da rede viaria municipal”, por un orzamento total de 33.883,65 euros (28.003,02 euros, mais 5.880,63 euros en concepto de IVE ao 21%), elaborado polo enxeñeiro de camiños Pablo Blanco Ferreiro, con data outubro de 2018.

6.- “Sinalización vertical na parroquia de A Mella (San Pedro)”, por un orzamento total de 10.052,53 euros (8.307,88 euros, mais 1.744,65 euros en concepto de IVE ao 21%), elaborada polo enxeñeiro de camiños Pablo Blanco Ferreiro, con data outubro de 2018.

E iso, por canto que para poder financiar a execución das obras comprendidas nas seis memorias valoradas citadas, acábbase de aprobar polo Pleno do Concello, nesta mesma sesión, un expediente de modificación de créditos, na modalidade de suplemento de créditos, coa finalidade de suplementar a aplicación orzamentaria 1532.619.01 “Pavimentación de vías públicas.- Outras instalacións de reposición”, co obxecto de que exista a consignación previa suficiente para poder contratar a execución das cinco primeiras obras; e un expediente de modificación de créditos, na modalidade de crédito extraordinario, coa finalidade de crear a aplicación orzamentaria 1531.61900, co obxecto de que exista a consignación suficiente para poder contratar a execución da sexta e última obra, referida á sinalización vertical na parroquia da Mella.

## **B) CONTROL E SEGUIMIENTO DA XESTION MUNICIPAL:**

***Punto 1º) TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DITADOS POLO ALCALDE NOS MESES DE OUTUBRO A DECEMBRO DE 2017 E DURANTE OS MESES DE XANEIRO A SETEMBRO DE 2018.***

En cumprimento da previsión contida no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, douse conta das resolucións ditadas polo alcalde desde o día 1 de outubro de 2017 -en que foi ditada a resolución mais inmediata a última do día 28 de setembro de 2017 (da cal se dou conta na sesión plenaria celebrada o día 7 de maio de 2018)- ata a ditada o día 28 de setembro de 2018.

Estando referidas:

\* A primeira resolución (*reflectida no folio 9.717 volto*) á autorización para emitir unha cuña publicitaria na Emisora municipal de radio, durante tres meses, dúas veces ao día en diferentes horarios de emisión; aprobando para iso a liquidación do prezo público, calculada en base á contía das tarifas previstas na Ordenanza municipal reguladora do prezo público.

\* Mentres que a última resolución (*á que corresponde o número 483/2018*) refírese á aprobación do expediente tramitado para a xeración de créditos no estado de gastos do vixente orzamento municipal, empregando para a súa financiación os recursos consistentes na subvención concedida pola Axencia Turismo de Galicia, (formalizada en convenio administrativo asinado o 19/09/2018), polo que se concede ao Concello unha axuda de 28.091,69 euros, para a financiación do 65% do importe do custo da obra "Melloras no aparcadoiro do edificio multiusos Terra do Queixo"

Tendo en conta:

- Que o citado artigo 42 constitúe unha manifestaición do dereito de información dos concelleiros, e
- Que todas as resolucións indicadas (decretos) estiveron a disposición dos concelleiros, desde a convocatoria desta sesión plenaria.

Adoptouse -por unanimidade dos trece membros asistentes- o acordo de quedar enterados.

***Punto 2º) DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN (referido ao segundo trimestre de 2018), ESIXIDO POLOS ARTIGOS 4 E 5 DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004 DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.***

Polo alcalde indícase que ese informe refírese ao **segundo trimestre** do presente exercicio económico, que foi emitido pola interventora e polo tesoureiro, con data 30 de xullo de 2018, en cumprimento ao disposto no artigo 4 e 5 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais; por canto que:

**1) No artigo 4 nº 3 de dita Lei 15/2010** se indica que “os tesoureiros ou, no seu defecto, os interventores das Corporacións Locais elaborarán trimestralmente un informe, sobre o cumprimento dos prazos previstos en dita lei para o pagamento das obrigas de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo”.

**2) No artigo 5 apartado 4º da mesma lei** indícase que “a intervención incorporará ao informe trimestral ao Pleno, regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos, con respecto aos cales: transcurran mais de tres meses desde a súa anotación no citado rexistro (Rexistro de facturas) e non se tramitaran os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga, ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos”.

Polo que, en consecuencia con ditas previsións legais, en canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento por parte desta entidade local dos prazos sinalados para o pagamento das obrigas (que se concretan no artigo 1 nº 3 e o artigo 3 nº 3 da repetida Lei 15/2010), a interventora e tesoureiro emitiron un informe con data 30 de xullo de 2018, tomando como base os datos obtidos do programa de contabilidade SICALWIN; de cuxo informe se deduce que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal, sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de abril e 30 de xuño de 2018, salvo erro ou omisión involuntaria, obtense a seguinte información:

**a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no segundo trimestre de 2018:**

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	1.900	150
Importe total	739.884,09 euros	89.804,86 euros
Período medio de pago	36,89 días	

**b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre** (artigo 4 nº 3 Lei 15/2010):

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	110	2
Importe total	153.634,64 euros	1.119,96 euros
Período medio de pendente de pago	13,04 días	

**c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta entidade local, e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5 nº 4 Lei 15/2010).**

- Número de operacións: 0
- Importe total: 0 euros

Tras todo o exposto, adoptáronse –por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- os seguintes acordos:

**Primeiro**.- Quedar enterados da información facilitada pola interventora e polo tesoureiro, a través do informe indicado.

**Segundo**.- Dar traslado do informe emitido, e dos seus anexos, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

***Punto 3º) DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN (referido ao terceiro trimestre de 2018), ESIXIDO POLOS ARTIGOS 4 E 5 DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004 DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.***

Polo alcalde indícase que ese informe refírese ao **terceiro trimestre** do presente exercicio económico, que foi emitido pola interventora e polo tesoureiro, con data 17 de outubro de 2018, en cumprimento ao disposto no artigo 4 e 5 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais; por canto que:

**1) No artigo 4 nº 3 de dita Lei 15/2010 se indica que “os tesoureiros ou, no seu defecto, os interventores das Corporacións Locais elaborarían trimestralmente un informe, sobre o cumprimento dos prazos previstos en dita lei para o pagamento das obrigas de cada entidade local, que incluírá**

necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo”.

2) No artigo 5 apartado 4º da mesma lei indícase que “a intervención incorporará ao informe trimestral ao Pleno, regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos, con respecto aos cales: transcurrirán máis de tres meses desde a súa anotación no citado rexistro (Rexistro de facturas) e non se tramitarán os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga, ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos”.

Polo que, en consecuencia con ditas previsións legais, en canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento por parte desta entidade local dos prazos sinalados para o pagamento das obrigas (que se concretan no artigo 1 nº 3 e o artigo 3 nº 3 da repetida Lei 15/2010), a interventora e tesoureiro emitiron un informe con data 17 de outubro de 2018, tomando como base os datos obtidos do programa de contabilidade SICALWIN; de cuxo informe se deduce que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal, sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de xullo e 30 de setembro de 2018, salvo erro ou omisión involuntaria, obtense a seguinte información:

**a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no terceiro trimestre de 2018:**

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	890	24
Importe total	480.822,34 euros	67.614,83 euros
Período medio de pago	34,42 días	

**b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre (artigo 4 nº 3 Lei 15/2010):**

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	477	76
Importe total	365.610,73 euros	7.067,12 euros
Período medio de pendente de pago	28,57 días	

**c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorrerón máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta entidade local, e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5 nº 4 Lei 15/2010).**

- Número de operacións: 0
- Importe total: 0 euros

Tras todo o exposto, adoptáronse –por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Quedar enterados da información facilitada pola interventora e polo tesoureiro, a través do informe indicado.

**Segundo.**- Dar traslado do informe emitido, e dos seus anexos, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

*Punto 4º) **ROGOS E PREGUNTAS.***

**I)** Polo Sr. García Couso (de CxG-CCTT) se formularon as seguintes **PREGUNTAS** ao Sr. alcalde:

PRIMEIRA.- ¿Por que se deixou de retransmitir pola emisora municipal de radio as sesións que ven celebrando o Pleno do Concello?

SEGUNDA.-¿Cando se prevé que se reuna o Consello de Administración da Emisora municipal de radio?

TERCEIRA.- ¿Cantas e cales parroquias non recibiron subvención para as festas que anualmente veñen celebrando?

CUARTA.- ¿Iniciouse algún trámite para atender as demandas dos interesados no uso previsto no Plan Xeral, para os terreos agrícolas e forestais, así como as demandas dos veciños da área da Calexa?

**II)** Pola Sra. Balado Conde (do PsdeG-PSOE) formularonse as seguintes **PREGUNTAS** ao Sr. alcalde:

PRIMEIRA.- ¿Por que se cambiou a data da celebración da Festa do Queixo?

SEGUNDA.- ¿Hai algunha forma de que as comisións de festas, que non recibiron axudas para a celebración das festas parroquiais, poidan recuperar ese diñeiro que deixaron de percibir?

Matiza o Sr. alcalde que só se podía recibir unha axuda por parroquia.

III) Polo Sr. García Rodríguez (do PP) formuláronse as seguintes **PREGUNTAS** ao Sr. alcalde:

PRIMEIRA.- ¿Que é o que pasa para que non se fagan as tertulias que se viñan facendo na radio municipal cos distintos partidos políticos?, porque xa levamos mais de seis meses sen celebrar ningunha.

SEGUNDA.- Os veciños de Villadavil queren unha traida de augas, porque temos auga e sitio para poñer o depósito, e a auga que hai non só serviría para abastecer a Villadavil senón tamén a toda Arzúa.

Deseguido o Sr. alcalde manifestou que ía dar resposta as PREGUNTAS que foron formuladas:

\*En canto á retransmisión das sesións do Pleno:

Responde o alcalde:

- Que hoxe non se retransmitiu a sesión do Pleno, porque o director da Emisora municipal de radio está de baixa, e unha persoa soa non se desenvolve.

- Que no verán non se retransmitiron polas vacacións de cada un das dúas persoas que prestan o servizo.

\* En canto aos debates que se viñan celebrando a través da radio municipal:

Responde o alcalde que lle trasladará a pregunta ao director da Emisora, porque el non decide que os hoxa nin que non os haxa; e ultimamente non se podían celebrar, porque non asistían os suficientes interesados nos mesmos.

\* En canto a cando se prevé que se reúna o Concello de Administración da radio:

Responde o alcalde que falará co director da Emisora, e se hai interese en que se convoque non haberá ningún tipo de problema.

\* En canto a cantas e cales parroquias non recibiron subvención para as festas:

Responde o alcalde que daralle respota na sesión do vindeiro Pleno, porque agora non se acorda do número.

\* En canto ao trámite do Plan Xeral de Ordenación Municipal:

Responde o alcalde que está pendente de que se remate co tema do inventario dos camiños municipais, que se entregará ao Concello este ano para expoñelo ao público; mentres que no tema da Calexa o están elaborando; e, respecto ao outro, estamos esperando a que no lo manden, porque xa pedimos hai un mes o orzamento para elaboralo.

\* En canto ao cambio de data da Festa do Queixo:

Responde o alcalde que é porque coincide co Entroido; outros anos non se cambiou polo entroido e resultou perxudicial; porén outro ano cambiouse polo tema das eleccións, no ano 2009, e foi un éxito.

\* En canto a se hai forma de recuperar o importe das axudas que se conceden para as festas patronais:

Responde o alcalde que a estas alturas xa non é posible.

\* En canto á traida de augas que solicitan os veciños de Villadavil:

Responde o alcalde:

-Que ese é un tema complexo, porque os depósitos de auga realizáronse hai cincuenta anos; e as necesidades de Arzúa non son iguais agora que hai cincuenta anos, sobre todo co tema dos albergues, e tamén é complicado polo tema das alturas, xa que o único punto alto que hai é onde están agora os depósitos, e no Plan Xeral contemplábase facer unha rúa por alí, e non hai espazo para facer outro depósito.

- Que se trata dun tema complicado que hai que estudar moi ben, e que haberá que buscar financiación, porque o Concello só non o pode facer.

- Que xa se mirou para facer o de Villadavil, pero era moi costoso, xa que se ía a 2.000.000 de euros.

- Que é un tema que hai que ter en conta nos vindeiros anos, porque non é só Villadavil.

- Que pedimos a Viaqua que nos fixese un informe sobre o incremento da poboación, para poder ir á Xunta de Galicia e plantearlle o problema que hai, porque as parroquias que están no Camiño de Santiago tamén incrementaron o consumo de auga, porque se están facendo albergues e dependen das traídas de augas veciñais ou de pozos.

E non habendo mais asuntos que tratar, de orde do Sr. presidente dáse por rematado o acto; levantándose a sesión as 22:40 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, que será autorizada coas sinaturas do alcalde e do secretario, que certifica.